



## DECRETO DA ALCALDÍA

### **Asunto: Levantamento suspensión da celebración do mercadillo semanal dos xoves.**

**VISTA** a situación xerada pola evolución do coronavirus COVID-19 en toda Galicia e tamén no Concello de Tui e tendo en conta as instrucións sanitarias de cara a adopción de medidas preventivas polas administracións por mor dunha necesidade de saúde pública.

**VISTO** o Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

**VISTA** a Orde do 26 de xaneiro de 2021, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 16, bis, de data 26-01-2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

**VISTA** a Orde do 15 de febreiro de 2021, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 30, bis, de data 15-02-2021, pola que se dispón a prórroga e a modificación das medidas de prevención específicas previstas na Orde do 26 de xaneiro de 2021, como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-10 na Comunidade Autónoma de Galicia.

**VISTA** a resolución da alcaldía de Tui, de data 27-01-2021, número 2021-65, mediante o cal, resolveuse suspender a celebración do mercadillo semanal que se celebra na nosa cidade os xoves e ata que a situación sanitaria o permitise.

Tendo en conta ó anteriormente exposto, e en atención á evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e no Concello de Tui,

**RESOLVO:** O levantamento da suspensión da celebración do mercadillo semanal que se celebra na nosa Cidade os xoves, decretada por resolución da alcaldía número 2021-65 de data 27 de xaneiro de 2021.

Mándao e asínao o Sr. Alcalde, Enrique Cabaleiro González, en Tui.  
Documento asinado dixitalmente á marxe.

